



CIRCULAR 27-2018.- XXVIII CAMPIONATO DE GALICIA DE MEDIO MARATÓN INDIVIDUAL E EQUIPOS.-

Ribeira, 3 de xuño de 2018

- A todas as Delegacións (*)

- A tódolos asembleístas

- A tódolos membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

Art. 1) A Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Santiago, e coa colaboración do Concello de Ribeira, organizan o 3 de xuño de 2018 o **XXVIII Campionato de Galicia Absoluto de Medio Maratón, e das categorías Junior/sub20, Promesa/sub23 e Máster.**

Art.2) No Campionato de Galicia poderán intervenir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2017/18) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertenczan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

*Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar os podios nos Campionatos de Galicia

Art. 3) A proba celebrarase sobre a distancia de 21.097 Km. O percorrido está medido e homologado pola Real Federación Española de Atletismo.

Art.4) A saída está prevista para as 10:00 na zona Porto de Aguiño.

Art.5) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **20:00 horas do martes 29 de maio.**

Art.6) Premios individuais: Os tres primeiros atletas clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Clasificación por clubs: Farase sumando os tempos dos tres primeiros atletas de un mesmo club, calquera que sexa a súa categoría, (dos cales só un poder ser estranxeiro). En caso de empate o gañador será o club cuxo terceiro atleta que puntúe realice o mellor tempo.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.7) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma poderá ser motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles.

Art.8) A organización establecerá distintos controis polo circuíto para o paso dos participantes.

Art.9) Tódalas reclamacións deberán facerse directamente ó xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Art. 10) Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas con identificación que estará aberta entre ás 09:30-09:45. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos.

Art.11) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

Art.12) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A., da R.F.E.A. e da I.A.A.F. por esta orden

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA



A Coruña, 26 de marzo de 2018